

RECORDOS DO CORAZÓN

“*Se algo quero/ é estar alí onde soe o mar*”, así se expresa o ser que, impelido a voltar ós espazos da súa infancia e a recordar de paso a todos aqueles que marcaron a ruta inicial da súa vida, pisa outravolta as rúas de Ferrol. E, nese momento, decatámonos de que xa pasaran cáseque dez anos desde que Xohana Torres dera á luz *Tempo de ría*. Por tanto, *Ferrol. Corazón de navío* vén ser unha nova ocasión para disfrutar coa palabra trascendente desta poeta -e recente académica- que se deixa guiar ós itinerarios primeiros da súa existencia da man das fotografías de Xan Carballa. Deste xeito, os lugares máis emblemáticos da cidade departamental fan que esta revele a súa fascinante personalidade na perfecta simbiose que acadan imaxe e texto, texto e imaxe, ambos os dous imbricados para suxerir e crear unha nova visión da urbe. Con todo, non é Ferrol un espazo novidoso nos versos de Xohana Torres por canto, trasmutado en Lorref, xa aparecía en varios poemas de *Estacións ao mar*. Así, Ferrol, ou Lorref, vén constituír o berce de seu, un lugar onde a memoria propicia o encontro saudoso cos que se foron nunha tarde que tiña “*ás de paxaro*”, como a estatua da fama que nos observa desde a súa soidade altiva na porta do arsenal. Pero os que habita agora son, como recoñece no texto inaugural do libro, “*Días para os asombros./ Días para botarnos as primeiras tristezas./ Días para sabores tan claros coma auga./ Os grandes días para a camiñada*”. Non hai mellor vagaxe para emprender a volta atrás que ir fiando as lembranzas e as presencias dos máis amados e, con ese fío de Ariadna, buscar a entrada no labirinto da memoria. Así, o encontro cos seres familiares nos longos días da nenez fan que o ser se procure na súa verdadeira esencia pois, como afirma neste caso, “*eu escribo acobillada en min/ por un prestarlle o peito a tantas cousas/ na presurosa hedra da memoria*”.

Como non podía ser doutro xeito, a primeira evocación é para a nai e, con ela, a nena-eu poético volve ter na cabeza a súa “*fita roxa*” que a identifica como un ser aberto á vida recién estreada. Os ollos énchense de asombro e os días sucédense “*sen medo ós corvos sobre a testa/ porque todo era estrela*” e o tempo, aínda brando, non deixaba pegadas no seu corpo infantil. Mais o recordo do proceso de medrar conleva un continuo eco de desesperanza, matizado na ledicia de volver á casa pero sempre presente como un runrún alongado nas xornadas do camiño. Ana María, a amiga; a avoa que lle transmitiu o legado da lingua -tal e como a propia autora ten recoñecido no seu discurso de entrada na Real Academia Galega-; o pai, de figura rexa e amable, destacan entre todas as presencias sen rostro que o tempo nos negou. Con todo, “*Cadaquén ten cinza pola fronte/ i é sempre necesario enterrar aos mortos*”. A homenaxe á cidade natal abrangue tamén un fermoso e esperanzado canto de amor

ós seus recunchos, o coñecemento íntimo dos cambios que vai experimentando co sucederse das estacións e a esencia da súa alma pois *“hei de cangar no sangue ista cidade/ que erguín primeira, que habitei primeira”*. Así, Xohana Torres eleva os seus versos de recoñecemento e lembranza por Ferrol, por ese *“corazón de navío”* que, feito proa, marca a ruta cara ás terras primixenias cando *“Eu fundei unha banda de memorias,/ convívenme os días, a nenez sinxela,/ as raíces solagadas nas augas./ Perto dalgún derrotado destino/ resiste a cega búsqueda:/ Un asomo de incendios prendido polos ollos.”*

TERESA SEARA

Tempos Novos, 59, abril 2002, p. 69